|  Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas...). | |
|  Profunda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos. | |
|  Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático. | |
|  Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas. | |

| | |
|---|---|
|  Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | |
|  Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | |
|  Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. | |
|  Constrúe series numéricas, ascendentes e descendentes, de cadencias 2, 10, 100 a partir calquera número e de cadencias 5, 25 e 50 a partir de múltiplos de 5, 25 e 50. | |
|  Elabora e emprega estratexias de cálculo mental. | |
|  Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada. | |

| | |
|---|---|
| Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. | |
| Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. | |
| Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude. | |
| Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas | |
| Identifica e clasifica diferentes corpos xeométricos. | |
| Analiza informacións relacionadas coas ciencias e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. | |
| Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios | |
| Localiza diferentes puntos da Terra empregando paralelos e meridianos e coordenadas xeográficas. | |

| | |
|---|---|
| □ Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel. | |
| □ Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico. | |
| □ Elabora gráficos sinxelos a partires de datos demográficos de obtidos en diversas fontes de información. | |
| □ Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final. | |
| □ Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización. | |
| □ Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. | |
| □ Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde. | |

| | |
|---|---|
|  Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención. | |
|  Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais. | |
|  Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. | |
|  Observa, identifica e recoñece as características básicas e<br>clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico. | |
|  Utiliza claves e guías para a clasificación científica de<br>animais e plantas. | |
|  Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade. | |
|  Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. | |
|  Explica algunhas características e propiedades do aire e as | |

| | |
|---|---|
| actuacións necesarias para evitar a súa contaminación. | |
|  Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz. | |
|  Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigación. | |
|  Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico. | |
|  Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento e a enerxía que utilizan. | |
|  Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas:<br>unir, cortar, pegar... | |
|  Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón). | |
|  Aplica nocións métricas e de perspectiva á construción de estruturas e á transformación do espazo. | |

| | |
|---|---|
| Manexa e utiliza escalas e proporcións axeitadas para representar obxectos. | |
| Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría. | |
| Realizar medicións. | |
| Todos os contidos e as actividades relacionados coa orientación. | |
| Realización de medicións. | |
| Desenvolvemento do sentido da orientación e utilización correcta de diferentes recursos para orientarse. | |
| Observación das siluetas trazadas no chan. Cales son máis grandes? Cales son máis pequenas? | |
| Descrición da orientación dos obxectos con respecto ao seu propio corpo. | |
| Comprensión da relación existente entre os xiros de determinados obxectos cos que pode facer o noso corpo. | |
| Comprobación do ritmo do corazón despois do exercicio. | |
| Creación de series de estruturas rítmicas. | |

| | |
|---|---|
|  Coñece e diferenza as diferentes figuras musicais e os silencios. | |
|  Traduce á linguaxe musical e interpreta ritmos sinxelos, discriminando as diferentes duracións correspondentes ás diferentes figuras musicais. | |
|  Conta números ata o 1000 | |
|  Resolve problemas sinxelos. | |
|  Relaciona os elementos e recursos fundamentais coa vida das persoas. | |

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS 4º E.P.

| ESTÁNDAR DE AVALIACIÓN | CUALIFICACIÓN |
|---|---|
|  Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa. | |
|  Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida. | |
|  Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | |
|  Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha | |

| | |
|---|---|
| linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas. | |
|  Valora a variedade lingüística de España.. | |
|  Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. | |
|  Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión. | |
|  Valora por igual as distintas variedades xeográficas da lingua galega e o estándar como variante unificadora. | |
|  Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | |
|  Participa en actividades literarias do centro. | |
|  Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. | |
|  Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal. | |
|  Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e | |

| | |
|---|---|
| aceptación da crítica razoada. | |
|  Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material. | |
|  Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. | |
|  Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica. | |
|  Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. | |
|  .Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas. | |
|  Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalas e as utiliza tanto como peón ou persoa e como persoa usuaria de medios de transporte (abrocharse | |

| | |
|---|---|
| o cinto, non molestar a persoa condutora...) | |
|  Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas. | |
|  Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. | |
|  Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo. | |
|  Identifica e valora as súas habilidades persoais. | |
|  Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo. | |
|  Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna . | |
|  Describe profesións relacionadas coas artes plásticas e visuais | |
|  Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto. | |

| | |
|---|---|
| □ Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos. | |
| □ Asumir as diferenzas na actividade física, así como as posibilidades propias e alleas. | |
| □ Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade. | |
| □ Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades. | |
| □ Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura. | |
| □ Valorar o esforzo e os logros obtidos polas persoas afectadas de discapacidade física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás. | |
| □ Habituarse a coidar e a manter a orde nas súas pertenzas e no seu contorno. | |
| □ Coidar e conservar os materiais. | |
| □ Comprender e valorar a importancia de respectar as normas de tráfico. | |

| | |
|---|---|
|  Interpreta diferentes pezas vocais e instrumentais para distintos agrupamentos con e sen acompañamento. | |
|  Controla a postura e a coordinación coa música e cos demais compañeiros cando interpreta danzas. | |
|  Compórtase adecuadamente en audicións e concertos. | |
|  Participa e goza en xogos e representacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras. | |
|  Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas. | |

**APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NO CURSO 2022-2023**

| Matemáticas | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias | Trimestre |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **B2-8.**Conocer, utilizar y automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación y división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas y en situaciones de la vida cotidiana. | **B2-8.1.** Utiliza y automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación y división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas y en situacionescotidianas**.** | CMCT<br>AA | | | |
| **B2-9.** Identificar, resolver problemas de la vida cotidiana, adecuados a su nivel, estableciendoconexiones entre la realidad y las matemáticas y valorando la utilidad de los conocimientos matemáticos adecuados y reflexionando sobre el proceso aplicado para la resolución de problemas. | **B2-9.1.**Resuelve problemas que impliquen dominio de los contenidostrabajados, utilizando estrategias heurísticas, de razonamiento (clasificación, reconocimiento de las relaciones, uso de contraejemplos), creando conjeturas, construyendo, argumentando y tomando decisiones, valorando las consecuencias de las mismas y la conveniencia de su utilización. | CMCT<br>AA<br>IE | | | |
| **B3-4.** Utilizar las unidades de medida más usuales, convirtiendo unas unidades en otras de la mismamagnitud, expresando los resultados en las unidades de medida más adecuadas, explicando oralmente y por escrito el proceso seguido y aplicándolo a la resolución de problemas. | **B3-4.3.**Resuelve problemas utilizando las unidades de medida más usuales, convirtiendo unas unidades en otras de la mismamagnitud, expresando los resultados en las unidades de medida más adecuadas, explicando oralmente y por escrito el proceso seguido. | CL<br>CMCT | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **B4-5.**Conocer las características y aplicarlas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, cuerpos redondos: cono, cilindro y esfera y sus elementos básicos. | **B4-5.1** Identifica y nombra polígonos atendiendoal número de lados. | CL<br>CMCT | |

| Lenguacastellana | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándar de aprendizaxe | Competencias | Trimestre |
| **B2-2.** Comprender distintos tipos de texto adaptados a la edad y utilizando la lectura como medio para ampliar el vocabulario y fijar la ortografía correcta | **B2-2.1.**Entiende el mensaje, de manera global e identifica las ideas principales y las secundarias de los textos leídos a partir de la lectura de un texto en voz alta. | CL | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **B3-1.** Producir textos con intenciones comunicativas con coherencia, respetandosuestructura y aplicando las reglas ortográficas, cuidando la caligrafía, el orden y la presentación. | **B3-1.2.** Escribe textos usando el registro adecuado, organizando las ideas con claridad, enlazando enunciados en secuencias lineales, cohesionadas y respetando las normas gramaticales y ortográficas | CL | | | |
| **B4-1.** Aplicar los conocimientos básicos sobre la estructura de la lengua, la gramática (categorías gramaticales), el vocabulario (formación y significado de las palabras y campos semánticos), así como las reglas de ortografía, para favorecer una comunicación más eficaz. | **B4-1.1.** Conoce y reconoce todas las categorías gramaticales por su función en la lengua: presentar alnombre, sustituiralnombre, expresar características del nombre, etc. | CL | | | |
| **B4-3.** Sistematizar la adquisición de vocabulario a través de los textos. | **B4-3.3.** Conoce las normas ortográficas y las aplica en sus escritos. | CL | | | |

| Linguagalega | | | |
|---|---|---|---|
| Criteriosde avaliación | Estándarde aprendizaxe | Competencias | Trimestre |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **B1.3.** Comprender e producir textos oraissinxelos, propios do uso cotián ou do ámbitoacadémico. | **B1.3-1.** Participa nunha conversa entre iguais,comprendendooquedio interlocutoreintervin-doadecuadamente. | CL | | | |
| **B3.2.** Producirtextossinxelosdediferentetipoloxía que permitan narrar, describir e re-sumir emocións e informacións relacionadascon situacións cotiás e aqueles que sexancaracterísticosdosmediosdecomunicación. | **B3.2-1.** Elabora en diferentes soportes textospropios da vida cotiá e académica, imitandomodelos: cartas, correos electrónicos, mensa-xes curtas, normas de convivencia, avisos, ins-trucións… | CL | | | |
| **B3.7.**Coidarapresentación dostraballosescritos en calquera soporte e valorar a lin-gua escrita como medio de comunicación edeexpresióncreativa. | **B3.7-1.** Coida a presentación dos textos se-guindo as normas básicas de presentación es-tablecidas:marxes,disposiciónnopapel,limpe-za, calidade caligráfica, separación entre pará-grafos,interliñado… | CL | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **B4.2.** Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valorsocial eanecesidadedecinguirseaelas. | **B4.2-2.** Utiliza as normas ortográficas básicas,aplicándoas nas súas producións escritas, conespecialatenciónásmaiúsculas. | CL | | | |

| Cienciassociais | | | |
|---|---|---|---|
| Criteriosde avaliación | Estándarde aprendizaxe | Competencias | Trimestre |
| **B1.1.** Realizar un traballo de investigaciónque supoña a busca, selección e organiza-ción de información sobre a área (empre-gando as TIC e outras fontes), a realizacióndun produto, a documentación do proceso (através do uso do cartafol) e a comunicacióndo resultados, valorando o esforzo e amo-sandoactitudesdecooperación,participa-cióne respecto. | **B1.1.1.** Busca información (empregando as TICe outras fontes directas e indirectas), seleccionaa relevante, a organiza, analiza, obtén conclu-siónssinxelaseascomunica oralmentee/ouporescrito. | CAA<br>CCLC<br>DCMC<br>CT | |
| **B1.3.** Coñecer a terminoloxía propia da áreae achegarse a comprender textos sinxelosdecaráctersocial,xeográficoehistórico. | **B1.3.1.** Identifica a terminoloxía propia da áreae comprende textos sinxelos de carácter social,xeográficoehistórico. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | |
| **B4.1.** Coñecer as nocións básicas desucesión,duraciónesimultaneidadepara ordenar temporalmentealgúnsfeitoshistóricosrelev | **B4.1.2.**Sitúanunhaliñadotempofeitos do pa-sado da súa contorna datando os comezos efinaisdas épocasestudadas. | CMCCT<br>CAA | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| antesde Galicia. | | | |

| Cienciasnaturais | | | |
|---|---|---|---|
| Criteriosde avaliación | Estándarde aprendizaxe | Competencias | Trimestre |
| **B1.1.**Realizar unproxecto para a obtencióndun produto como resultado dun problemaformulado,elaborandocon certaautonomíadocumentaciónsobreproceso. | **B1.1.1.** Busca, selecciona e organiza a informaciónimportante, obtén conclusións e comunica o resul-tadode forma oral e escrita de maneira ordenada,claraelimpa,en diferentes soportes. | CAACC<br>LCMCC<br>TCSIEE<br>CD | |

| Plástica | | | |
|---|---|---|---|
| Criteriosde avaliación | Estándarde aprendizaxe | Competencias | Trimestre |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **B2-3.** Realizar producións plásticas seguindopautas elementais do proceso creativo, ex-perimentando, recoñecendo e diferenciandoa expresividade dos diferentes materiais etécnicas pictóricas e elixindo as máis ade-cuadasparaarealizacióndaobra planeada. | **B2-3.1.** Utiliza as técnicas debuxísticas e/oupictóricas máis adecuadas para as súas crea-cións manexando os materiais e instrumentosde maneira adecuada, coidando o material e oespazo de uso. | AA<br>CEC | | | |
| **B2-5.** Imaxinar, debuxar e elaborar obrastridimensionais con diferentesmateriais. | **B2-5.1.** Confecciona obras tridimensionais condiferentes materiais planificando o proceso eelixindo a solución máis adecuada aos seuspropósitosnasúa produción final. | CMCT<br>IE | | | |

| Valorescívicos e sociais | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Criteriosde avaliación | Estándarde aprendizaxe | Competencias | Trimestre | | |
| **B1-4.** Crear unha imaxe positiva de si mes-mo tomando decisións meditadas e respon-sables,baseadasnun boautoconcepto. | **B1-4.2.** Expresa a percepción da súa propiaidentidade integrando a representación que faide si mesmo e a imaxe que expresan os de-mais. | AA | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **B1-7.** Propoñerse desafíos e levalos a cabomediante unha toma de decisións persoal,meditada e responsable, desenvolvendo unbo sentido do compromiso respecto a unmesmoe aos demais. | **B2-7.2.** Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formaiseinformaisdeinteracciónsocial. | CL<br>IEC<br>SC | | | |

## PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Cando se toma a decisión de promoción ou non dun determinado alumno/a teremos en conta a lexislación vixente.
Promocionará o alumno que:
Acadara os obxectivos mínimos.
Xa permanecera un ano máis nalgún curso.
De xeito xeral non promocionarán os que teñan dúas materias instrumentais (matemáticas, castelán, galego) sen superar,agás en casos excepcionais no que concorran circunstancias extraordinarias, o Equipo de Avaliación poderá decidir promocionar a un alumno por consideralo beneficioso para o seu desenvolvemento, polas súas capacidades e circunstancias persoais,fronte á non promoción.

## INDICADORES DE LOGRO

| **1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente** | Escala | | |
|---|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | | | |
| **Proceso de ensino:** | 1 | 2 | 3 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | |
| 2.- Conseguiuse a motivación do alumnado? | | | |
| 3.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | |
| 4.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado | | | |
| 5.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | |
| 6.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado NEAE? | | | |
| 7- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado NEAE? | | | |
| 8.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | |
| 9.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | |
| 10.- Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado dentro do grupo? | | | |
| | | | |

| **2. Práctica docente:** | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidad | | | | |
| 2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alum con NEAE? | | | | |
| 3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas? | | | | |
| 4.- Intercálase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensi expresión oral? | | | | |
| 6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe | | | | |
| 7.- Préstase atención aos temas transversais? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | |
| 9.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas estándares | | | | |
| 10.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recupera( ampliación,.. ? | | | | |

**DESEÑO DE AVALIACIÓN INDIVIDUAL INICIAL**

CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS NATURAIS

A avaliación consistirá nunha proba que recollerá os principais contidos tratados no curso anterior.

LINGUA GALEGA E CASTELÁ
A avaliación inicial sera realizada a través dunha proba na que se incluirían:

- Lectura dun texto e extracción das ideas principais.
- Narrar unha historia empregando a ortografía propia do curso anterior.
- Exercicios de concordancia.
- Clasificar os determinantes.
- Identificar o verbo. Ver en que tempo está.

- Construir frases a partir de palabras dadas.
- Distinguir sinónimos e antónimos.
- Inventar oracións coherentes usando vocabulario axeitado e non repetitivo.

MATEMÁTICAS

A avaliación inicial sera realizada a través dunha proba na que se incluirían:

- Exercicios de cálculo (suma, resta levando, multiplicación e división de números ata cinco cifras por unha cifra).
- Problemas (con sumas, restas, multiplicacións e divisións).
- Actividades que impliquen o manexo das moedas e do reloxo.
- Actividades que impliquen a estimación de medidas.
- Actividades nas que identifiquen figuras xeométricas traballadas no curso anterior.

**AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN (todas as unidades e todos os estándares)**

**Procedementos e instrumentos de avaliación:** Utilizaranse os seguintes procedementos de avaliación e os correspondentes instrumentos de avaliación

| PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| Observación directa do traballo diario | Rexistro de observación incidental |
| Análisis de tarefas | Caderno do alumno, traballos individuais e grupais |
| Probas escritas e gráficas | Cuestionarios, tests, informes, dossieres, murais... |

De forma xeral utilizarase a observación directa para tódolos estándares. Ademais e de forma específica a análise de tarefas e as probas orais para o estándares correspondentes ao bloque 1 e as probas escritas para os correspondentes ao bloque 2, 3 e 4.

**Sistema de cualificación:**

- **Cualificación cuantitativa:**
  - ❑ Tests e cuestionarios. Cada pregunta valorarase entre 0 e 1 punto.
    - o 0 puntos: non resolta ou totalmente errónea.
    - o 1 punto: totalmente correcta.
    - o Entre 0 e 1 punto dependendo da porcentaxe de acerto.
    - o Total da proba: 10 puntos.
  - ❑ Informes ou dosieres: valorarase o traballo sobre un total de 10 puntos.
  - ❑ Considérase aprobado unha puntuación igual ou superior a 5. En ningún caso puntuacións entre 4,5 e 4,99 poderán aproximarse a 5 nin puntuacións entre 9,5 e 9,99 poderán aproximarse a 10 xa que 5 será o mínimo esixible para superar a proba e 10 será o mínimo esixible para facela perfecta. No resto dos casos sempre que haxa que aproximar farase ao enteiro máis próximo.
- **Cualificación cualitativa:** Valorarase cada aspecto como 1, 2, 3 ou 4.
  - o 1 punto: Nunca ou case nunca.
  - o 2 puntos: Algunhas veces.
  - o 3 puntos: Habitualmente.
  - o 4 puntos: Sempre ou case sempre.

  Supérase a cualificación de forma positiva con 3 ou 4
- **Para a cualificación trimestral** valorarase un 70% a nota dos exames, un 20% a cualificación do traballo diario na clase e un 10% actitude. Nas notas trimestrais e finais considérase materia superada unha puntuación igual ou superior a 5. En ningún caso puntuacións entre 4,5 e 4,99 poderán aproximarse a 5 nin puntuacións entre 9,5 e 9,99 poderán aproximarse a 10 xa que 5 será o mínimo esixible para superar a materia e 10 será o mínimo esixible para cualificala de perfecta. No resto dos casos sempre que haxa que aproximar farase ao enteiro máis próximo.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Material escolar habitual que figura nunha lista de material que os alumnos reciben ao principio do curso (lapis, bolígrafo, lápises de cores, , cadernos, carpetas...)
Materiais específicos dos que dispoñemos no centro (material de ciencias, de matemáticas, de papelería e plástica, material bibliográfico na biblioteca do dentro e biblioteca de aula, ludoteca...) ou que os alumos traen da casa (material de reciclaxe, distintos alimentos, recipientes, materiais da natureza, libros, revistas...)

Recursos TIC (ordenadores e proxector, tabletas, micrófonos, cámaras programas e aplicacións informáticas...)

**ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Partindo da información recollida na avaliación inicial adaptarse a programación e o traballe na clase ao nivel de competencias en cada alumno. Teranse tamen en conta as circunstancias persoais e particulares de cada un.

Prestarase especial atención aos alumnos que necesiten apoio ou reforzo educativo sempre en coordinación co departamento de orientación e cos responsables dos alumnos.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Participaremos nas que se decidan para todo o centro como o Magosto, Halloween, Entroido, Día da Paz...
Tamén programaremos saídas escolares que figuran na PXA. Para este curso propoñemos as seguintes:
1º trimestre: visita ao Centro de Interpretación de Caldoval e paseo por Mugardos.
2º trimestre: visita ao MUNCYT e ao Castelo de San Antón na Coruña ou a Marcelle Natureza.
3º trimestre: visita ao CEIP e o Concello de Monterroso.
Poderemos participar en máis saídas escolares se xurde a oportunidade durante o curso.

As actividades mencionadas conectaranse coas actividades, tarefas e proxectos abordados durante o curso de maneira que contribúan ás distintas aprendizaxes.

**CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DO CENTRO**

**Proxecto Lector:** no que se integran todas as actuacións destinadas ao fomento da lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción da información. O centro participa na convocatoria do "Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares" (PLAMBE), e contamos cunha biblioteca utilizada como centro de recursos de información, lectura e aprendizaxe. Temos dentro do horario da aula trinta minutos de lectura diaria, itinerarios lectores, as mochilas viaxeiras, os apadriñamentos lectores e todas aquelas actividades que xurdan ao longo do curso para favorecer a implicación do alumnado na lectura e favoreza o desenvolvemento das competencias. Promoverase a consulta de libros e información escrita en internet en todas as materias.

**Plan de convivencia:** onde se articula a convivencia do centro, buscando unha educación no exercicio dos dereitos e liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como a prevención e resolución pacífica de conflitos. Dende a aula búscase especialmente o

desenvolvemento da intelixencia emocional do alumnado, traballando aspectos como a confianza, a autoconciencia, a empatía e a xestión axeitada das emocións.

**Plan TIC:** Nas actividades diarias usaremos o ordenador da aula, tabletas... Varias veces durante o curso usaremos a aula de radio. En distintos proxectos usaremos equipos audiovisuais.

**PLAMBE e uso da biblioteca:** usaremos a biblioteca tanto para préstamo como para lectura no sitio. Tamén como un dos recursos principais de búsqueda de información para os traballos escolares xunto con internet.